

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, que forma parte do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á folga na empresa pública de Correos.

Alternativa galega da Esquerda fai súas as demandas da plantilla da empresa pública de Correos, que demanda a adopción das medidas oportunas para mellorar a prestación deste servizo público. Para elo e dada a cerrazón do goberno e da dirección da empresa, varios sindicatos de clase convocan mobilizacións e paros neste mes de maio. No primeira xornada de folga o seguimento no noso país foi do 70%.

A resposta gubernamental é a de sempre: ignorar as demandas e achegar unha norma de servizos mínimos abusivos e desproporcionados para as xornadas de folga dos días 15 e 22 de maio, que racha cos servizos decretados nas anteriores convocatorias de folga. O goberno e a empresa queren uns servizos mínimos de ata o 50% nas oficinas, do 70% nas reparticións, servizos urxentes e nos centros de tratamento e do 100% no rural. Xornadas de folga que se intercalan con outros paros parciais.

A empresa pública vén de destruír neste último lustro moito emprego: 922 postos de traballo en Galicia e ao redor duns 15.500 no Estado, comprometendo seriamente as condicións de traballo da plantilla e a garantía do servizo público que ten encomendada a empresa pública. Agora xorde unha nova ameaza de destrución de emprego no contexto de bloqueo por parte da dirección da empresa das negociacións do convenio colectivo.

Froito dos recortes sucesivos, a empresa pública non dispón de suficiente persoal para garantir o exercicio efectivo do dereito de sufraxio vía postal. As máis de 3.500 persoas que traballan nas oficinas de correos galegas teñen que soportar a sobrecarga de traballo froito dos recortes nun servizo público básico

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Avaliou a Xunta a situación de saturación de carga de traballo das oficinas de correos galegas en particular diante do proceso electoral municipal?
- Dirixiuse a Xunta á empresa pública e ao goberno do Estado para que reforzase a plantilla de xeito coxuntural e tamén estrutural para garantir este servizo público e os dereitos da cidadanía?
- Como valora a Xunta a destrución neste último lustro de 922 postos de traballo por parte da empresa pública Correos en Galicia? Ten realizado algunha análise crítica a Xunta respecto das consecuencias negativas derivadas desta destrución de emprego na prestación do servizo público postal?
- Contempla a Xunta de Galicia mediar diante do goberno central para que este poña fin ao bloqueo da negociación do convenio colectivo?
- Contempla a Xunta dirixirse ao goberno central para que se aumente de maneira permanente a plantilla de Correos no noso país, a consolidación do emprego como fixo e se acade a garantía de ultraactividade dos dereitos?

En Compostela, a 13 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/05/2015 13:29:14